Edicto relativo á aprobación definitiva da Ordenanza reguladora das tarxetas de accesibilidade, así como o texto íntegro desta

O Pleno do Concello de Teo, en sesión celebrada o día 30 de agosto de 2007, aprobou inicialmente a Ordenanza reguladora das tarxetas de accesibilidade de usuarios/as.

O expediente e a Ordenanza estiveron expostos ó público mediante anuncios inseridos no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia nº 230 do 4 de outubro do 2007, polo prazo de trinta días.

Rematado o prazo de información pública, sen que se producira ningunha reclamación, faise pública a automática aprobación definitiva da devandita ordenanza, así como o texto íntegro da mesma, en cumprimento do disposto nos artigos 49.c) e 70.2 da Lei 7/1985, de dous de abril, reguladora das bases do réxime local.

A súa publicación definitiva realizouse no BOP Nº 283 do 10 de decembro de 2007.

Ordenanza reguladora das tarxetas de accesibilidade de usuarios/as

1-OBXECTO

A presente ordenanza ten por obxecto a regulamentación da expedición polo Concello de Teo das tarxetas de accesibilidade de usuarios/as ao abeiro do disposto nos artigos 27.3 da Lei 8/1997 de 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, e o 51.2 e 53.1 do Decreto 35/2000 do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

2-TITULARES:

A tarxeta de accesibilidade de usuarios/as concederase ás persoas que, estando empadroadas neste concello, presenten unha discapacidade recoñecida polo órgano autonómico competente igual ou superior ao 33%. A tarxeta, que ten carácter persoal e intransferible, outorgarase como documento acreditativo da súa situación de discapacidade, para favorecer o uso e desfrute dos transportes públicos. Contemplándose como mínimo os seguintes beneficios:

a) Reserva de prazas nos transportes colectivos

b) Bonificación nas tarefas para as persoas que dispoñen da tarxeta

c) Reserva de prazas nos centros de servizo do transporte públicos

3-SOLICITUDES:

As solicitudes para a expedición da tarxeta de accesibilidade de usuarios/as acompañarase da seguinte documentación:

a) Solicitude, en impreso oficial normalizado, que se obterá no departamento de servizos sociais do concello

b) Copia cotexada do DNI – NIE ou CIF

c) Certificado de empadroamento

d) Dúas fotografías tamaño carné

e) Copia cotexada do recoñecemento de minusvalía

4-PROCEDEMENTO:

4.1-presentada a solicitude no rexistro do concello, coa documentación pertinente, o departamento de servizos sociais do concello elevará o expediente completo á Xunta de Goberno Local para que dite resolución pertinente, concedendo ou denegando a tarxeta solicitada.

4.2-A devandita resolución será notificada ao interesado/a de conformidade co disposto na Lei 30/1992 do 26 de novem-bro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5-MODELO DE TARXETA:

O modelo de tarxeta, que é único para todo o ámbito da comunidade autónoma de Galicia, axustarase ás características sinaladas no anexo III do Decreto 35/2000 e deberá levar a sinatura ou marca autorizada do/a titular da tarxeta.

6-USO, VALIDEZ E CADUCIDADE DA TARXETA

6.1-Para a aplicación de bonificacións, así como cando lle sexa requerido por persoal responsable do servizo, o/a usuario/a deberá amosar a tarxeta a fin de asegurar o correcto uso dos beneficios establecidos.

6.2-As tarxetas de accesibilidade de usuarios/as concedidas polo concello, de conformidade co procedemento recollido no apartado 4º, terá validez en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. Non obstante en caso de cambio de domicilio da persoa beneficiaria esta deberá solicitar o traslado do expediente ao novo municipio de residencia.

6.3-No caso de que a cualificación da minusvalidez sexa permanente, a tarxeta caducará aos 10 anos da concesión e no caso de que esta cualificación sexa provisional caducará cando transcorra o prazo que se indique.

6.4-No caso de que se detectase o uso indebido da tarxeta de maneira reiterada e debidamente probado, con independencia da sanción pecuniaria que puidese recaer como consecuencia do expediente sancionador incoado para tal efecto, a tarxeta de accesibilidade de usuarios/as será retirada durante o prazo de 2 anos polo órgano que a outorgase.

7-DISPOSICIÓN FINAL:

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicado íntegramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co disposto no artigo 70.2 da

Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e transcorra o prazo de 15 días hábiles previstos no artigo 65.2 da devandita lei, e permanecerá vixente ata a súa modificación ou derrogación expresa.